

Sermos reproduce por vez primeira o número 1 da cabeceira histórica da imprensa en galego
Un facsímile, 100 anos de *A Nosa Terra* »Editorial, 8-9 e caderno especial

Semanario de intereses galegos

SER2OS

GALIZA

Quinta feira | 17 de novembro de 2016 | 3,50 € | Número 222 | ano V

Luis Soto



O home que puxo rock á Galiza imaxinaria

»24-25 e 27



O clima muda; as políticas, non

»2-3

EDITORIAL

Imprensa en galego: case todo por facer

Neste Sermos222 rendemos tributo ao centenario de *A Nosa Terra*, o boletín das Irmandades da Fala, coa publicación en facsímile do número 1 da histórica cabeceira. É a primeira vez que se publica íntegra a entrega inaugural do primeiro xornal xenuinamente galego e en galego e permítenos unha viaxe no tempo a un país que en 1916 tiña, no esencial, exactamente o mesmo problema que ten en 2016: a ausencia de institucións de autogoberno soberanas, a dependencia do Estado español, a falta de espazos para o libre desenvolvimiento da súa economía, a súa lingua, a súa cultura.

Cen anos despois do aparecimento de *A Nosa Terra*, fica moito por facer. Estamos ainda moi lonxe da normalización da nosa lingua nun ámbito social tan simbólico como é a imprensa en papel. No conxunto da Península somos a única nación que carece dun xornal diario impreso na súa lingua propia e *Sermos* -que é un proxecto que non ten vocación de ser unha voz no deserto e si vontade de ir alargando progresivamente o espazo galego de comunicación- é hoxe o único semanario que se edita no país no noso idioma. Non é concebíbel alcanzar a normalidade nacional mentres esta anomalía non se subsanar.

Non sería xusto, porén, dicermos que estamos como en 1916. Hai hoxe máis conciencia nacional do que daquela. O século non pasou debalde, como tampouco foi estéril o activismo de miles de galegas e de galegos a prol dos nosos dereitos colectivos, entre eles o dereito a termos meios de comunicación propios. Non é casual que Feijóo na investidura se cualificase como "militante da Galiza". Con independencia de que a súa práctica desminta esa autodefinición, o que dela se infire é que o poder ten claro que a maioría social agarda un compromiso real das forzas políticas coa defensa dos intereses galegos, por empregarmos o lema desta cabeceira.

Nese sentido, en 2016 como en 1916 un dos intereseis da Galiza más prementes é o de dispormos de meios de comunicación que merezan o cualificativo de galegos. Nesa causa milita *Sermos Galiza*.

SERMOSES
GAUZA Edita Sermos Galiza S.A.
CIF A70301610
Enderezo social: Avenida de Lugo, 2A, Entresellado A
15702 - Santiago de Compostela

Depósito Legal C 995-2012
ISSN 2444-9326

Presidente Xoán Costa
Consello de Administración
Nemesio Barxa, Nicolasa Castro, Xoán Colazo, Xoán Costa, Rubén Lois, Manuel

Mera, Francisco Miranda, Xabier P. Igrexas (secretario), Marga Romero, Xurxo Souto, Roberto Vilamea (xerente) e Iria Vilar

Director Xosé Mexuto
Coordinadora María Obelleiro
Redacción e colaboracións Xesús Manuel Pinheiro, Rocío Castro, Xabier P. Igrexas, Cristian López e Xosé María G. Fandiño

De senio Pepe Barrio
Maquetación Silvia Cancela



SENSIBILIZACIÓN SOCIAL, MAIS NON POLÍTICA

Cambio climático: xa está aquí e é imparable

**Os estragos nas colleitas
son xa habituais**

Todas as evidencias científicas apuntan nunha mesma dirección: a mudanza do clima está aquí e avanza moito más rápido do que se pensaba hai un par de décadas.

A comunidade de negacionistas tense reducido nos últimos tempos, mais hai quen aínda segue a ver nel un fenómeno eminentemente "natural", propio do planeta.

XO SÉ FANDIÑO **TEXTO** / ENDESA **FOTO**

Desde hai varias décadas, unha parte da comunidade científica vén advertindo da aceleración dun fenómeno –o cambio

climático- que, se ben é consubstancial ao propio planeta, nunca antes o fixera a tal velocidade. Hoxe en día, os escépticos ou negacionistas



EMISIÓNS

As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galiza alcanzaron o seu máximo en 2004; na actualidade, están por baixo dos niveis de 1990. No país, boa parte das emisións teñen a ver co procesado de enerxía.

non son tantos como eran, mais segue habendo lobbies poderosos que sementan a dúbida nas sociedades do mundo industrializado, colocando no debate o dilema de se están dispostas a renunciar a unha parte do seu modo de vida por frear un proceso de moi longo prazo.

Malia a propaganda, a sensibilización social a respeito deste problema de primeira magnitud é cada vez maior e praticamente todas institucións e axentes sociais teñen assumido a súa importancia e impulsado medidas que, as menos das veces de calado e as más dun carácter cosmético, evidencian a necesidade de, cando menos, facer algo. Tamén a administración galega. No seu "Informe de cambio climático 2012-2015", a Xunta lembra que a temperatura media entre 1961-2015 aumentou en 0,2°C por década e que as denominadas anomalías (diferenza entre a temperatura media dun ano e o valor climático obtido a respecto do período de referencia 1971-2000), son positivas, incrementándose 0,11°C no ano 2012; 0,59°C no 2013; 0,88°C no 2014; e

1,03°C no 2015. Ademais, teñen aumentado os episodios de eventos extremos por altas temperaturas, cunha duración total de 35 días, o duplo que os rexistrados no informe anterior, correspondente aos anos 2010-2011. Neste bienio, non houbo tampouco alertas laranxas, polas cinco que se rexistraron no último estudio.

As previsións de MeteoGalicia non son nada boas: os eventos térmicos extremos experimentarán un aumento de entre 3°C e 4°C; a porcentaxe de noites cálidas pasará do menos do 5% actual a entre o 20 e o 30% no período 2061-2090; as xeadas (temperaturas por baixo dos 0°C) diminuirán, sobre todo cara ao sueste, onde o número de días afectados por este fenómeno caerá entre 20 e 60. Tamén nas precipitacións haberá mudanzas importantes: o défice de choiva no verán diminuirá en máis dun 35% e os días moi chuviosos tenderán a aumentar.

"O cambio climático está acontecendo xa", explica o biólogo Xosé Veiras, quen lembra que hai estudos que confirmán que esta tendencia ten repercusións de todo tipo sobre a flora, a fauna,

o nivel do mar, o índice de perigosidade meteorolóxica, a acidificación das augas mariñas, etc. As evidencias son de tal peso", engade, "que negar o cambio climático é un disparate". O presidente da Sociedade Galega de Historia Natural, Serafin González, acredita nesta afirmación. Fala, en concreto, nas mudanzas que se están a producir na fauna. "Estanse a expandir especies que hai trinta anos eran más características do sur da Península Ibérica e outras que son propias de climas más frios estámolas a ver cada vez menos", apunta.

"Iso mesmo", recalca, "afecta tamén a insectos, á floración das plantas e está a facilitar a entrada de especies invasoras".

As consecuencias atinxen tamén ao agro. O enxeñeiro agrónomo Xosé Manuel Vilas advierte de que "nos estamos a atopar unha distribución máis irregular dos fenómenos meteorolóxicos e constatamos períodos de seca máis prolongados, máis días porriba dos 30°C na zona sur –onde se localiza a meirande parte da producción vitícola- e choivas máis concentradas que afectan a praticamente todos os cultivos, nomeadamente

No agro estanse a constatar mudanzas no réxime de chuvias e temperaturas que están a afectar boa parte dos cultivos

Aves que apenas se vían en Galiza hai trinta anos son cada vez más frecuentes

aos cereais. Os estragos na agricultura son considerábeis", subliña.

É certo que nalgúnha variábel se ten avanzado, e algunha delas, como define o biólogo Xosé Veiras, ten a ver co principal causante deste fenómeno, os gases de efecto invernadoiro. "A expansión das renovábeis desde finais dos anos 90 levou a unha diminución das emisións que, de non encetarse naquela altura, terían aumentado porque teríamos producido máis enerxía con combustíveis fósiles". A situación actual reflicte ben o estado da cuestión: en 2014, Galiza foi a cuarta comunidade autónoma en emisións de gases de efecto invernadoiro (o 8,2% do total do Estado) e é a principal emisora do sector de procesado de enerxía. Entre 1990 e 2014, Galiza foi a segunda que máis diminuiu as súas emisións en termos absolutos.

Semella evidente que a apostá nunha economía "baixa en carbono" é fundamental para afrontar esta "crise ecolóxica global", en palabras de Veiras, para quentan pernicioso como negar o propio fenómeno en si é "negar as implicacións no sistema social e económico que suparía mudar o modelo produtivo e os nosos hábitos de consumo".

Nesa liña sintoniza a asociación Véspera de Nada que preside o economista Xoán Doldán. "É un feito que o planeta experimenta mudanzas climáticas cada certo tempo, mais sempre foron ciclos lentos", explica. "Aqui, porén, hai un compoñente antropoxénico que desde logo non existía no pasado. Con isto non quero dicir que o cambio climático só teña un causante antropoxénico, mais si que a acumulación dos efectos desde que se impuxo un modelo enerxético de base fósil acelerouse".

Non hai, polo tanto, outra solución que o cambio do modelo económico e tamén os hábitos de consumo. "Moitos deses pequenos cambios a priori positivos", di Doldán, "que se propoñen, como reducir a factura enerxética, non cuestionan o modelo e seguimos tendo unha dependencia absoluta dos combustíveis fósiles". E, para acadar ese cambio, é imprescindible "un cambio de mentalidade", afirma Serafin González, "que non confunda calidade de vida con estupidez".

XOSÉ FANDIÑO **TEXTO****FOTO** ROSA TEDÍN**Juan Antonio Añel**
é investigador

"Ramón y Cajal" no EPhysLab da Universidade de Vigo, principalmente no eldo da investigación en ciencias da atmosfera e enerxía. Estas semanas está a traballar no National Center for Atmospheric Research dos EUA.

É certo que o número de escépticos a respecto do cambio climático teñen baixado nos últimos anos?

Imos comezar polo principio, a pregunta en si mesma. O termo usado, escéptico, refirese a unha persoa que desconfia ou dubida de algo. Para dubidar hai que ter coñecemento real sobre aquilo do que se dubida. Probablemente a pregunta vai dirixida a aqueles que negan que o cambio climático que sofre o noso planeta na actualidade sexa causado polo noso menosprezo polo medio ambiente. Tendo en conta isto, o número de escépticos non ten variado; é inexistente entre as persoas que se teñen informado correctamente, tales como teñen demostrado moitos estudos e traballos. A negación sen base ten variado e variará: depende do país, a cultura, o nivel de estudos... Polo xeral, e por desgraza, toda esta negación do cambio climático lévase a cabo dun xeito case doutrinal, co fanatismo de quien por exemplo apoia un partido político ou un equipo deportivo dun xeito cego, sen atender ningún tipo de razón. Esta negación do cambio climático é difícil de superar, xa que nese caso as persoas non están abertas a seren informadas ou a melloraren o seu coñecemento. Porén, este é un tema que corresponde máis a outras árees de investigación. Por exemplo, está comprobado

Juan Antonio Añel, investigador da UVigo

"É que hai evidencias do cambio climático refutábeis? Eu non as coñezo"



que as tácticas utilizadas por aqueles que se dedican a tentar xerar a dúbida na poboación sobre a verdade do cambio climático seguen as mesmas tácticas e patróns que foron deseñadas xa tras a década de 1950 polas empresas do tabaco para sementar a dúbida sobre o feito de que o tabaco pode causar moitas enfermidades.

Cales son as evidencias científicas irrefutábeis?

É que hai evidencias do cambio climático refutábeis? Eu non as coñezo. Poñamos que son irrefutábeis, digamos, todas, e deamos a escoller: aumento de eventos meteorolóxicos extremos, perda de masas de xeo en todo o planeta, aumento das temperaturas medias en

moitas rexións, expansión de enfermidades azonas do planeta onde até a data non existían porque non había un clima adecuado para elas, aumento da superficie ocupada por desertos, suba

"OS NEGACIONISTAS EMPREGAN AS MESMAS TÁCTICAS QUE A INDUSTRIA TABAQUEIRA A PARTIR DOS ANOS 50 DO SÉCULO PASADO"

trinta anos teñen acertado e coinciden co clima que temos na actualidade. Isto é un chisco como o apóstolo Tomás: malia o que di xente de toda confianza, óptase por dubitar. Pero non hai problema: as evidencias están a disposición de calquera. Na nosa contorna, até o actual presidente do Goberno de España, que amosaba dúbidas do cambio climático, acabou propoñendo un membro do seu partido político para facerse cargo dunha carteira que ten como unha das súas prioridades solucionar o problema. Proba que unha posición de negación só pode vir da falta de información e non se sostén.

Como está a afectar o cambio a Galiza e cando

percibiremos todo o seu impacto?

Pregunta de difícil resposta. O último informe perfectamente adaptado para Galiza sobre os efectos do cambio climático xa ten demasiados anos. Está a afectar nas temperaturas que están a subir lixeiramente, na época de floración de moitas especies ou na migración das aves. Pode afectar á calidad da uva, téñense constatado potenciais impactos no marisqueo e a xeración de enerxía podería volverse máis difícil de controlar, afectando tanto ás renovábeis como ao funcionamento das centrais térmicas, neste caso pola temperatura da auga que usan para a refrixeración. O cambio climático funciona como unha bomba de reloxaria que vai explotando pasenxamente e aumentando o efecto da súa explosión segundo o reloxo se achega ao cero. O problema é que xa empezamos a sufrir os primeiros efectos, mais non paramos de volver aumentar a conta do reloxo contaminando máis o planeta. O dia que paremos, que tomemos medidas en serio, poderemos empezar a dicir cando imos sufrir o máximo de toda esta destrucción.

Hai medidas eficaces para lle pór freo?

O mal que se ten feito xa está feito e notaremos os seus efectos máis fortes ao longo das próximas décadas. Podemos protexernos e adaptarnos a el. Adaptar as vivendas, as construcións, as colleitas... En xeral, a nosa contorna e o noso modo de vida. Se do que estamos a falar é de medidas eficaces para parar a contaminación do planeta, decatarnos da súa dimensión e convertelo nunha prioridade para nós; por exemplo asumindo que non o facemos por nós, senón polos nosos fillos e netos. Tamén actuando con responsabilidade, non mercando os produtos que non teñen en conta o medio ambiente, transmitirlo a aqueles que están no poder executivo e lexislativo, comprometernos con iso... A nivel político, os acordos internacionais son moi importantes e poden ser ainda máis: con vontade, son unha ferramenta moi importante para atallar o cambio climático.